# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS
## POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Scott D. Sampson




**CRIANDO SALVAJES: EL ARTE Y LA CIENCIA DE ENAMORARSE DE LA NATURALEZA.**
La Traviesa, 2023.

Esta obra é o antídoto perfecto contra o déficit de natureza que vivimos nestes tempos. Os resultados das últimas investigacións destacan os seus innumerables beneficios para a saúde, o benestar, os procesos de aprendizaxe e o desenvolvemento cognitivo, emocional e social da infancia. Ofrece argumentos rigorosos e propostas prácticas para docentes de calquera ámbito e nivel.

**En préstamo en** → Biblioteca CEIDA (Oleiros)

**BREVE GUÍA PARA ESCUELAS RESILENTES.**
Ecologistas en Acción, 2023.

Unha guía dirixida ao profesorado con ideas e propostas para converter aos centros educativos en motor da resiliencia ecosocial. Animando á acción e ao recoñecemento do que xa se fai. Algunhas destas prácticas poden ser difíciles de poñer en marcha, pero ás veces os grandes cambios proveñen de ideas que parecían inviables. Nos centros educativos pódese aprender sobre a biodiversidade, pero tamén a comer máis san, axudar a enfrontar a pobreza económica, etc.




PDF

Área de Educación, Ecologistas en Acción

**Descárgao en** → https://n9.cl/ik6cg

Alicia H. Puleo




**CLAVES ECOFEMINISTAS: PARA REBELDES QUE AMAN A LA TIERRA Y A LOS ANIMALES.** Plaza y Valdés, 2019.

Neste libro Alicia H. Puleo, pensadora de referencia, convídanos a imaxinar e proxectar un mundo de igualdade e de paz coa Natureza, un mundo sen explotación humana ou animal e no que a diversidade non sexa motivo de opresión, cunha linguaxe clara e ilustracións evocadoras. Respodendo algunhas preguntas como: Que é o ecofeminismo? Como xurdiu e evolucionou?

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas:Cangas,Baiona,Lugo,Coruña, Ourense,Vigo,Xove.
Bibliotecas Universitarias:Santiago,Coruña,Vigo.

**EL LIBRO DE LA CIUDAD SILVESTRE: UN MONTÓN DE COSAS QUE HACER EN LA CIUDAD Y EN EL PUEBLO.** Rodeno, 2014.

Un libro para divertirse nos espazos naturais que hai preto da nosa casa. Podemos buscar as pistas que nos deixan os animais, crear arte con elementos naturais, inventar xogos ou vivir aventuras emocionantes ao aire libre. Un mundo silvestre sorprendente con só abrir os ollos e buscalo. Con unha chea de ideas e proxectos para realizar ao aire libre.




Jo Schofield, Fiona Danks

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas:Pontevedra
Bibliotecas Universitarias:Santiago,A Coruña

PDF

Encarna Durá, Davinia de Ramón




**DEFENDEMOS EL MEDIO AMBIENTE.**
Fundación Entreculturas,2020.

Esta unidade didáctica propón traballar sobre a defensa do medio ambiente, co obxectivo de desenvolver coñecementos, valores e competencias sociais e cidadás para coidar e protexer o planeta no que convivimos. Ademais, convidanos a reflexionar sobre a necesidade de promover igualdade entre todas as persoas para construír un mundo sostible e san, Está composta por tres propostas didácticas adaptadas a distintas franxas de idade.

**Descárgao en** https://n9.cl/doht1

**LOS SERVICIOS DE LOS ECOSISTEMAS. ¿SABEMOS LO QUE NOS OFRECE NUESTRO ENTORNO?** UNESCO Etxea,2019.

Material didáctico dirixido ao 2° ciclo de secundaria, para traballar os servizos dos ecosistemas tanto dentro como fóra da aula. Persegue os seguintes obxectivos: identificar os servizos dos ecosistemas, analizar e valorar o seu estado actual, comprender a relación entre os servizos e o benestar das persoas, realizar plans de acción encamiñados a mellorarlos e poñer en práctica algunha das propostas realizadas.




PDF

Goberno de Euskadi, Área de Medio Ambiente

**Descárgao en** https://n9.cl/shxfi

Varios autores




**¡Cuidado, invasoras!: cuaderno de actividades para trabajar en el aula la temática de las especies invasoras**
Life Invasqua, 2023.

Caderno de actividades con 10 seccións relacionadas con diversas áreas de coñecemento para traballar a temática das especies exóticas invasoras, tanto dentro na aula como no exterior. Contén materiais e ferramentas didácticas que facilitan o ensino e comprensión desta problemática e o papel que xogan nos nosos ecosistemas.

**Descárgao en** https://bit.ly/3FQoo0T

**AS AVES.** A Mesa pola Normalización Lingüística, 2017.

Este libro ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, potenciar o seu vocabulario e aprender o nome de aves galegas comúns. Contén 30 ilustracións de Calros Silvar, para aprender, identificar e provocar o interese polo mundo das aves nas nenas e nenos.Compleméntase cunha canción de Magín Blanco, "Voa paxariño".




Calros Silvar

**En préstamo en:**
Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas:Santiago,Ferrol,Carnota,Carballo,Mesía...
Bibliotecas Universatarias: Santiago

Xosé Tomás




**Historias da Fraga Revirada.**
Galaxia ,2021.

Neste libro habitan seres únicos, excepcionais e irrepetibles. O ilustrador betanceiro Xosé Tomás conta unha morea de cousas sobre un lobo vexetariano, unha curuxa que quere facer vida durante o día e outras criaturas que se reviran contra o que é costume na súa especie e deciden comportarse como elas pensan que debe de ser. Conta tamén con páxinas de xogos e de actividades para que os nenos e nenas aprendan moitos detalles curiosos sobre a vida dos animais.

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)
Bibliotecas Públicas: Cangas,Neda,Ames,Irixoa,Moaña,Pindo...

**Conoce, ama y protege: listado de especies amenazadas y casos de éxito según la "lista roja".** Mosquito Books, 2023.

Por primeira vez en forma de álbum ilustrado, os casos da Lista Vermella da UICN - Unión Internacional para a Conservación da Natureza- preséntanse aos nenos, novos e familias. Cada ano, esta lista encárgase de certificar que especies desapareceron e que especies están en proceso de salvación. Para coñecer a información que nos brinda esa lista e saber que se fixo e que se pode facer para conservar a natureza.




Laura Fraile

**En préstamo en**

Biblioteca CEIDA (Oleiros)

# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

## FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



## SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

+INFO https://bit.ly/2mPg90v

CEIDA CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA
DOMINGO QUIROGA CENTRO DE DOCUMENTACIÓN
Deputación DA CORUÑA
para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA